Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 6 de setembro de 2024, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Asesoría Xurídica

1. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

2. Aprobación da liquidación definitiva do complemento de produtividade de 2023 do persoal.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

3. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 de tres subvencións nominativas para a "Adquisición de local para sede de ASPERGA", a "Construción de oficina de atención ao público segundo anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental" e a "Programación de actividades do CIFEX. Universidade de Santiago de Compostela", propostas pola sección de Servizos Sociais do servizo de Acción Social, Cultura e Deportes.

4. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 da subvención nominativa para a realización do "Mercado Creativo no 2024" á Agrupación Artística Meninas de Canido, proposta pola sección de Promoción Económica e Emprego do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

5. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 de catro subvencións nominativas para a realización do "Centenario da posta en marcha da Factoría Baleeira de Caneliñas", da "Actuación en Fuerteventura e intercambio coa Banda Municipal de Pájara", das "Actuacións de promoción turística na provincia da Coruña 2024" e do "Proxecto Turismo Científico Monte Pindo", propostas pola sección de Promoción e Desenvolvemento turístico do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

6. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 da subvención nominativa para a realización da "XXX Feira da Olería Tradicional "Alfaroleiros" ao Concello de Oleiros, proposta pola sección de Promoción Económica e Emprego do servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

7. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 de subvención nominativa para a realización do "Programa de actividades

sociais e de divulgación cultural no ano 2024" á UNED, proposta pola área de Cultura da sección de Educación e Cultura do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

ROGOS E PREGUNTAS